



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

**NÚMERO 8/17  
ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 12 DE  
AGOSTO DE 2017.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás doce horas e trinta minutos do día doce de agosto de dous mil dezasete, reuníuse o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>o</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>o</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto García Coto, D<sup>o</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>o</sup> María Pardo Fafián, D<sup>o</sup> María del Carmen Pose Varela, D<sup>o</sup>. Isabel Reimúndez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D<sup>o</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Carlos Pérez González.-

Non asistiron os tres concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular. D. Marcos López Mallo e D. José Luis Tellado Villares, escusando a súa asistencia por motivos de conciliación familiar.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame do único asunto da Orde do Día:

**1º - Proposta de asunción e xestión pública municipal do réxime de visitas do Pazo de Meirás e medidas complementarias.-**

O sr Alcalde informa do único punto da Orde do día desta sesión, que é solicitar as xestións das visitas e iniciar o proceso para que o Pazo de Meirás volva ó patrimonio público e fai unha presentación da proposta da Alcaldía.

O conido íntegro da proposta da Alcaldía é o seguinte:

**ANTECEDENTES.**

**PRIMEIRO.-** O Pazo de Meirás é declarado BIC polo Decreto 299/2008 de 30 de decembro.

*En función da súa declaración como BIC, o Pazo de Meirás está suxeito a un réxime de visitas gratuito nun número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día tal e como regula a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia para os Bens de Interese Cultural.*

*Compéelle á Xunta de Galicia o referido ao réxime de visitas.*

**SEGUNDO.-** De acordo coas informacións publicitadas pola Fundación Francisco Franco, as visitas ao BIC-Pazo de Meirás serán xestionadas por dita Fundación. Unha Fundación que ten por obxectivo fundacional a apoloxía do réxime de terror franquista.

**TERCEIRO.-** O Concello de Sada ten comunicado formalmente á Consellería de Cultura a súa disposición a xestionar dito réxime de visitas.

**CUARTO.-** A xestión das visitas do Pazo de Meirás pola fundación constituiría unha provocación a toda a sociedade galega en xeral, e á sadense en particular e de xeito especial, dados os antecedentes e circunstancias de extorsión para a incorporación de bens e dereitos propiedade de veciños e veciños de Meirás ao patrimonio do dictador e que hoxe detentan os seus herdeiros.

*Que unha Fundación propagadora do réxime de terror franquista xestione as visitas ao BIC é un anacronismo histórico e unha violación manifesta dos obxectivos e do espírito da Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, así como da propiamente asociada á posta en valor do propio BIC e dos seus antecedentes históricos.*

*A dita Lei 52/2007 prevé o “ principio de evitar toda exaltación de la sublevación militar, de la Guerra Civil y de la represión de la Dictadura, en el convencimiento de que los ciudadanos tienen derecho a que así sea, a que los símbolos públicos sean ocasión de encuentro y no de enfrentamiento, ofensa o agravio ”.*

**QUINTO.-** A Xunta de Galicia non pode tolerar pasivamente a detentación pola Fundación da xestión do réxime de visitas ao BIC, dado que o réxime de visitas, o seu control e tutela, é competencia da Xunta (Art. 48 e DA Sexta Lei de Patrimonio Cultural de Galicia), ao que cabe engadir que é radicalmente contradictorio que sexa unha Fundación franquista a que xestione as visitas ao BIC e aproveite para elo, tal e como declarou expresamente, para facer homenaxe á obra de terror do dictador:

**SEXTO.-** O Concello de Sada a través do PXOM en trámite, pendente de aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia, remite o ámbito do Pazo de Meirás a un Plan Especial de Protección de Patrimonio coas seguintes observacións na fcha na que se describe o Plan Especial:

- *O plan especial analizará e responderá á posibilidade de que o BIC pase a ser de dominio e uso públicos en base á devolución gratuita dos terreos ao sector público que, no seu caso,*



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

*poida derivarse das normas e disposicións legais que poidan adoptar os poderes lexislativos en relación coa recuperación da memoria histórica, así como dos acordos e accións administrativos ou civís que procedan a tal fin, e da subseguinte extinción dos títulos de propiedade actualmente existentes.*

- *Engadese a seguinte Disposición Transitoria : “Ata a aprobación e entrada en vigor do Plan Especial os terreos e edificación BIC quedan suxeitos ao réxime transitorio conido no art. 57 da Lei 4/2016, de 5 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, non admitíndose cambios de uso”.*

*Por todo o anterior, Oscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada ten a honra de propór ao Pleno do Concello de Sada o seguinte*

ACORDO

*Apoio expreso do Pleno da Concello de Sada para, apoiando as solicitudes formuladas pola Alcaldía de Sada o pasado 31 de xullo e a do Concelleiro delegado de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente de xullo de 2015, instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás.*

*Instar a Xunta de Galicia a que realice todas as actuacións tendentes a evitar e, no seu caso, non autorizar, que sexa a Fundación Nacional Francisco Franco quen xestione as visitas ao BIC Pazo de Meirás.*

*Instar a Xunta de Galicia a que esixa aos propietarios que detentan o inmoble que cumpran co réxime de visitas ao BIC disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incodados, coa imposición da máxima sanción prevista en dita Lei para ditas infraccións.*

*Demandar da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas aquelas actuacións encamiñadas a recuperar o Pazo de Meirás para a titularidade e uso públicos.*

*Formalizar declaración institucional de condea expresa ante os comunicados emitidos pola Fundación Francisco Franco así como de apoio á memoria das vítimas do franquismo.*

*Instar ás Cortes do Estado, Grupos Parlamentarios e do goberno do Estado as iniciativas lexislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que como a Fundación Francisco Nacional Francisco Franco teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra crimiñais do ditador.*

*Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia, Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia e das Cortes do Estado, Deputación provincial e Grupos provinciais, así como ao goberno do Estado”.*

O sr. Alcalde informa da existencia dunha emenda de adición por parte do grupo do BNG e dálle a palabra ó sr. Becerra, quen resume os acordos adoptados na reunión celebrada en días pasados por iniciativa da Deputación Provincial da Coruña co mesmo tema a tratar que o proposto neste Pleno e informa da inclusión dos mesmos na emenda plantexada polo seu grupo para incluír na orde do día da sesión. O contido íntegro da emenda do BNG é a seguinte:

*“Propóñse a incorporación, a continuación do apartado 6, dos seguintes puntos:*

*7.- O Concello de Sada adhírese aos acordos adoptados na Deputación Provincial da Coruña en reunión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2017, tendentes a iniciar o proceso para recuperar o Pazo de Meirás para o patrimonio público e entre os que se inclúe a constitución dunha Xunta pro devolución do Pazo.*

*8.- O Concello de Sada adhírese asimesmo a calquera outra iniciativa da sociedade civil tendente á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.*

*9.- O Concello de Sada acorda declarar persoa non gratas en Sada á familia do ditador Francisco Franco que segue a disfrutar da herdanza do Pazo de Meirás.*

*O punto 7 da proposta dicitaminada pasaría a ser o punto 10”*

O sr. Alcalde dálle a palabra ó sr. Secretario Accidental, quen hoxe emitiu un informe relacionado con esta emenda, e lle pregunta se esa elaboración foi de “motu proprio” ou se foi solicitado verbalmente ou por escrito pola Alcaldía, ó que o sr. Pérez responde que o fixo por iniciativa propia no marco dos deberes que establece o Regulamento de Organización e Funcionamento do Réxime Xurídico das Entidades Locais, nos artigos 177.2 e 94.3. O sr. Pérez informa de que, despois dun estudo da xurisprudencia existente na materia, comprobou que todas as sentencias do Tribunal Supremo que viu conclúen que non está no ámbito das competencias municipais a declaración de “persoa non grata”, e que esta declaración se faría, no seu caso, seguindo un procedemento legalmente establecido.



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

O sr Gómez adianta o voto en contra do seu grupo a esta emenda, dado o informe desfavorable do Secretario Accidental.

A sra. Bolaño informa da abstención na votación do seu grupo á emenda do BNG, debido á existencia do informe da Secretaría e á falta de tempo para valorar alternativas, aínda que, independentemente das cuestións legais plantexadas co informe do Secretario, a familia Franco e “non grata” para o partido socialista.

O sr Montouto informa da abstención do grupo de Sadamaioría na votación da emenda.

O sr. Anido informa da votación en contra á emenda presentada, ó non considerar adecuada a forma nin o obxecto e a urxencia da mesma.

Acto seguido se procede á votación da emenda, resultando dous votos a favor (concelleiros do grupo municipal do BNG), sete en contra (os dous concelleiros do G.M. PDSP e os cinco concelleiros do GM do PP) e seis abstencións (catro do GM Sadamaioría e dos do GM PsdG-PSOE), sendo en consecuencia rexeitada.

O sr Alcalde, dado que non prosperou a emenda, presenta unha **emenda transaccional “in voce”** cos puntos da presentada polo BNG que non foron informados negativamente pola Secretaría e procede á súa lectura.

*“Proponse a incorporación, a continuación do apartado 6, do seguintes puntos:*

- *7.- O Pleno da Corporación asume e comparte os acordos adoptados na sé da Deputación Provincial da Coruña en reunión celebrada o pasado día 9 de agosto de 2017, e que son os seguintes :*
  - *1.- Rexistar a xestión por parte da Fundación Francisco Franco do programa de visitas ao Pazo de Meirás, apoiar a demanda do Concello de Sada de que sexa dita administración quen as xestione, e condenar as declaracións manifestadas a través dun comunicado e do seu portavoz de apoloxía do franquismo.*
  - *2.- Instar a modificación da Lei de Fundacións con obxecto de impedir a legalidade de fundacións que fagan apoloxía do franquismo.*
  - *3.- Realizar un estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público.*
  - *4.-Reclamar a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica galega que, entre outros obxectivos, impida o enxalzamento dos protagonistas da represión e inclua as correspondentes disposicións relativas ao pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.*
  - *5.-Constituír con carácter inmediato unha Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público coa participación de institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais e fundacións co fin de poñer fin á posesión da propiedade pola familia Franco e a súa incorporación ao Patrimonio público . As institucións e entidades participantes, Deputación da Coruña, concellos da Coruña e Sada, Universidade da Coruña, IGM e CRMHC amosaron a súa intención de, previos os trámites preceptivos, se incorporar desde o inicio a dita Xunta.*
  - *8.- O Concello de Sada ahirirse asimismo a calquera outra iniciativa da sociedade civil tendente á incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.*
  - *9.- O Concello de Sada acordar expresar a vontade corporativa contraria ao proceder da familia Franco, herdadeira do ditador, e en relación coas obrigas derivadas da propiedade que detenta do BIC-Pazo de Meirás. E aos efectos de tal referencia e intereses municipais, e como expresión simbólica de rexeitamento de tal proceder, declárala “non grata”.*
- O sr Becerra informa do voto favorable á emenda de transacción e reitera o carácter de “persoas non gratas” da familia Franco por parte do BNG. Discrepa respetuosamente do informe do secretario accidental, sinalando que noutros Concellos como Pontevedra aprobouse unha declaración de persoa non grata.
- O sr Gómez informa do voto en contra do partido PDSP á emenda de transacción, dado que considera que é a mesma que a presentada anteriormente, pero con outras palabras.
- A sra. Bolaño adianta o voto favorable do PP á transacción da emenda presentada e manifesta ó seu rexeitamento e o do seu grupo á apoloxía do franquismo por parte da Fundación Francisco Franco e a súa disconformidade coa actuación por parte do Presidente da Xunta ó “mirar para outro lado” neste asunto.
- O sr. Montouto, despois de facer unha exposición dos motivos e aludindo á previsión no PXOM da recuperación do BIC do Pazo de Meirás, a súa posta en valor e a súa incorporación ó patrimonio público, co obxectivo de recuperación da memoria histórica, informa do voto favorable do seu grupo á emenda transaccional.
- O sr. Anido escusa a asistencia de dous membros do PP por motivos de conciliación. Continúa o sr. Anido poñendo en dúbida o carácter de urxencia da sesión, ó estar xa este tema incluído no programa electoral do sr. Alcalde do inicio da lexislatura. no seu punto 42 e manifestando a posición en contra do seu partido á calquera diadura, da lectura ó decreto 299/2008 de declaración de BIC das Torres de Meirás e alude por outra banda á previsión no PXOM dentro de 12 anos dunha acción nas Torres de Meirás, polo que non considera urxente a convocatoria desta sesión e sí outros BIC’s do municipio que non se están a tratar.



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Se procede á votación da emenda transaccional, resultando aprobada a mesma con oito votos a favor (concelleiros dos G.M. Sadamaioira, PsdG-PSOE e BNG), dous en contra (concelleiros do GM do PDSP) e cinco abstencións (concelleiros do G.M. do PP).

A continuación da comezo o debate da proposta inicial da Alcaldía, e o sr. Alcalde da a palabra ó grupo BNG.

O sr. Becerra comeza dirixíndose ó sr. Anido, dicindo que a última Comisión Informativa durou moito por unha cuestión de debate, e que “o sr. Anido fixo especial fincapé en que a abstención do PP non condiciona o acordo, non vaia a ser que o PP saia nunha foto votando en contra dunha declaración para defender a memoria histórica”. Continúa o sr. Becerra expoñendo a posición do seu grupo fronte a situación sufrida polos veciños do Concello de Sada por parte da familia Franco e adiantando o sentido favorable do seu voto á proposta da Alcaldía.

O sr. Rodríguez Ares, do G.M. do PDSP, intervén dicindo que non entende a urxencia da convocatoria, ó non haber inminencia no asunto, e informa da legalidade da Fundación que xestiona as visitas do Pazo de Meirás e que debe de cumprir co establecido na declaración de BIC do mesmo. Informa o sr. Rodríguez de ditas fincas sempre como privadas, polo que non se poden nin “recuperar” nin “devolver” ó pobo o que nunca foi deles, e fai una enumeración cronolóxica dos donos da finca dende o 1722 ata que a adquiriu Francisco Franco no ano 1939 e insta ó sr. Alcalde a que se ocupe doutros espazos públicos mais deteriorados e alude ó gasto importante que suporía ás arcas municipais a xestión do Pazo por parte do Concello e adianta o voto en contra á proposta da Alcaldía.

A sra. Bolaño, aludindo non só ó Pazo de Meirás, senón a todo o que representa o simbolismo do Pazo na historia de Sada e ó rexeitamento á ditadura e a todo o que conlevou, insta ó PP a traballar xuntos no mesmo lado.

O sr. Montouto informa do carácter político da proposta e xustifica a súa urxencia por mor das recentes declaracións da Fundación Nacional Francisco Franco.

O sr. Anido manifesta a posición en contra do seu grupo á actuación do réxime franquista e a posición a favor de moitos puntos da proposta, pero non consideran a urxencia da mesma e adianta a abstención do seu grupo así como o seu desexo de que se lles informe con antelación das convocatorias e a celebración de Xunta de Portavoces.

O sr. Alcalde fai dúas matizacións, a primeira é a necesidade da urxencia e contundencia dun pronunciamento por parte de toda a Corporación das forzas democráticas de Sada en contra das manifestacións feitas pola Fundación Francisco Franco, e a segunda fai mención a tódalas persoas que foron pasadas, represaliadas, exiliadas e demáis no réxime franquista para que os grupos políticos pensen nelas e na dignidade das vítimas do franquismo antes de emitir o sentido do seu voto da proposta.

Efectuada a votación, resulta aprobada a proposta de Alcaldía transcrita ao inicio do punto da orde do día, con oito votos a favor (concelleiros dos G.M. Sadamaioira, PsdG-PSOE e BNG), dous en contra (concelleiros do GM do PDSP) e cinco abstencións (concelleiros do GM do PP).

Non habendo outros asuntos que tratar, ás trece horas e cincuenta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. da que eu, secretario accidental, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este secretario accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-